

**FEIRA DE ARTESANÍA DA VILA DE PORTONOVO DURANTE TEMPADA DE VERÁN 2022.**

**OFICIO DA ALCALDIA-PRESIDENCIA.**

Vista a aprobación polo consello de administración da entidade Turismo de Sanxenxo SL en data 13 de maio da organización da *Feira de Artesanía da Vila de Portonovo durante a tempada de verán 2022*, do prego de bases para o *outorgamento da autorización administrativa necesaria para a organización, xestión e explotación* da mesma, da orde de publicación das bases na web do Concello de Sanxenxo, así como a delegación nesta Presidencia da tramitación do devandito expediente administrativo ata a súa adxudicación ou non, polo órgano de contratación.

Vista a publicación das bases do concurso na web do Concello de Sanxenxo ([www.sanxenxo.es](http://www.sanxenxo.es)) en data 13 de maio así como nas súas rrss, o último día hábil para presentar as instancias foi o 23 de maio (luns), engadido.

É polo que, tendo en conta a documentación facilitada a esta Presidencia dende a Sede Electrónica do Concello de Sanxenxo, constan presentadas en prazo as seguintes entidades:

- ASOCIACION DE VENDEDORES DE CALLE DE ASTURIAS. G33400391
- ASOCIACION GALEGA DE ARTESANOS, AGA. G15128275
- ASOCIACION PERSONAS CON DISCAPACIDAD FISICA. G01708510
- ASOCIACIÓN ACTIVA. G87836656

Tal e como se establece na Base 10 do prego e có obxecto de dar continuidade ao procedemento, **procédase a dar traslado dos SOBRES 1 das devanditas entidades á asesoría xurídica** para que, no menor tempo posible, **emita INFORME XURÍDICO sobre a documentación achegada polos solicitantes, do cumprimento ou non dos requisitos establecidos na Base 6 do prego, de si existen defectos subsanables con indicación dos mesmos, así como si finalmente procede admitir ou non a quen corresponda.**

En Sanxenxo, a 24 de maio de 2022.

O Alcalde-Presidente.

